



CONTACTO

Praza Maior, 97. Ézaro-Dumbria
(15297)

☎ 696.55.77.82

Avda. Fisterre, 12-1º. Vimianzo
(15129)

☎ 669.51.40.76



atenciontemprana@satcostadamorte.org



SERVICIO DE ATENCIÓN TEMPRANA
COSTA DA MORTE
ASPADEX



REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

A Rede galega de atención temperá, creada polo Decreto 183/2013, do 5 de decembro, é un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais. Neste marco e integrado na Consellería de Política Social, créanse os Servizos de Atención Temperá (SAT), un servizo comunitario e de proximidade que desenvolve unha atención especializada multidisciplinar de carácter gratuíto e público para as familias.

¿A quen vai dirixida a atención temperá?

Enténdese a atención temperá como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e á súa contorna, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.



¿Quen somos?

O equipo do SAT Costa da Morte está formado por unha terapeuta ocupacional e psicomotricista, unha logopeda e unha psicóloga con formación e experiencia no desenvolvemento infantil. Para ofrecer un servizo de proximidade contamos con dúas ubicacións, Ézaro-Dumbría e Vimianzo.

¿A quen vai dirixido?

Aos nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou situacións de risco de padecelos, residentes nalgún dos seguintes concellos: Zas, Vimianzo, Mazaricos, Dumbría, Camariñas, Muxía, Cee, Carnota, Corcubión e Fisterra.

¿Como acceder ao SAT?

Poden informar dunha sospeita de trastorno no desenvolvemento para acceder ao SAT:

- servizo de pediatría
 - servizos sociais
 - servizos educativos
 - ademais dos titores legais do menor
- En calquer caso, as familias estarán informadas.

¿Onde obter máis información?

Para máis información:

696 557 782 // 669 514 076

atenciontemprana@satcostadamorte.org